

Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)
OBXECTIVO 1.4: Fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector da pesca
MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros
Porcentaxe cofinanciamento medida: 75 % FEMP – 25 % Comunidade Autónoma

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA (EPEPG) PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO DE MELLORA E MODERNIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DOS PORTOS PESQUEIROS, DAS LONXAS, DOS LUGARES DE DESEMBARQUE E DOS ANCORADOIROS

Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2022

Dunha parte, Dona Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, Dona Susana Linguas Gil, actuando no nome e representación da entidade pública empresarial Portos de Galicia, con C.I.F.- Q-6550023 en calidade de Presidenta, en virtude de nomeamento efectuado segundo Decreto 80/2019, do 11 de xullo (DOG nº 132, do 12 de xullo), con enderezo, a efectos deste contrato, na Praza de Europa, 5-A, 6º, 15.707, en Santiago de Compostela, A Coruña, actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 12.3.g) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro e dos portos pesqueiros. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a

conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo 2, a citada Lei destaca: “6. *Fomentar a renovación, a modernización e a mellora das estruturas pesqueiras, marisqueiras e acuícolas no marco dos recursos existentes*”.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a mellora da dotación dos equipamentos nos portos pesqueiros, lugares de desembarque e ancoradoiros e a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Neste senso, a modernización dos sistemas de iluminación portuarios, resulta imprescindible para poder desenvolver as actividades pesqueiras, dotando ás instalacións portuarias de luminarias axeitadas que combinen a eficiencia coa sustentabilidade e tamén a mellora na xestión utilizando os avances tecnolóxicos dispoñibles.

Segundo.- Que a entidade pública empresarial Portos de Galicia (EPEPG), dependente da Consellería do Mar, é responsable da xestión, conservación, explotación e desenvolvemento de 122 portos e instalacións portuarias en Galicia nos que se desenvolven actividades pesqueiras, comerciais e náutico-deportivas.

Segundo a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, á EPEPG correspóndelle, no ámbito dos portos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o proxecto, a construción, a conservación, a mellora, a ordenación, a administración e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións.

Neste contexto, a EPE Portos de Galicia debe garantir a correcta iluminación das instalacións portuarias para permitir o desenvolvemento da función que se lle require ata o final da súa vida útil.

O artigo 12.3 da Lei 6/2017 de Portos de Galicia confire á Presidencia da EPE Portos de Galicia, entre outras funcións:

“a) Exercer a representación da Entidade pública empresarial.

e) Exercer a iniciativa en (...) obras, instalacións dos portos (...).

g) Acordar a realización das obras e inversións, formalizando todos aqueles contratos,

actos e negocios xurídicos que fosen necesarios para el desenvolvemento das funcións da Entidade e o cumprimento dos seus fins (...).

l) Exercer todas as funcións non atribuídas expresamente a outros órganos da Entidade pública empresarial."

Terceiro.- Que o Regulamento (UE) 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, recolle no seu artigo 43, acerca de Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros *"1. Con obxecto de mellorar a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, aumentar a eficiencia enerxética, contribuír á protección do medio ambiente e mellorar a seguridade e as condicións de traballo, o FEMP poderá conceder axuda destinada a investimentos que melloren as infraestruturas dos portos pesqueiros, as lonxas, os lugares de desembarque e os ancoradoiros, incluídas os investimentos en instalacións de recollida de residuos e refugallo mariños"*.

As actuacións nos portos pesqueiros desenvólense a través do establecido no Programa Operativo do FEMP 2014-2020 de España para o Obxectivo/Medida 1.4.9 do FEMP; OBXECTIVO 1.4: *Fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector da pesca; MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros.*

Cuarto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Quinto.- Compete á Entidade pública empresarial Portos de Galicia a contratación do subministro e instalación de sistemas de alumeado para espazos portuarios, coa finalidade de mellorar a iluminación das instalacións portuarias, sendo mais eficientes no consumo enerxético, reducindo a contaminación luminosa pola utilización dunha mellor tecnoloxía e mellorando a explotación das instalación mediante o subministro, instalación e posta en servizo dunha capa tecnolóxica de telexestión punto a punto de luminarias e proxectores, e telexestión de centros de mando.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, as actuacións en portos pesqueiros serán financiadas pola Consellería do Mar con fondos FEMP e as actuacións en portos “comerciais e mixtos” serán financiados pola Entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Tendo isto en conta, cómpre levar á cabo este acordo de colaboración para o soporte dos traballos, que teñen como obxecto o subministro e instalación de sistemas de alumeado indicado neste mesmo punto.

Tendo en conta o anterior, a Consellería do Mar e a entidade pública empresarial Portos de Galicia manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar e a entidade pública empresarial Portos de Galicia para a participación conxunta no proxecto de subministración e instalación de sistemas de alumeado para espazos portuarios mais eficientes no consumo enerxético, reducindo a contaminación luminosa pola utilización dunha mellor tecnoloxía e mellorando a explotación das instalación mediante o subministro, instalación e posta en servizo dunha capa tecnolóxica de telexestión punto a punto de luminarias e proxectores, e telexestión de centros de mando.

Segunda: Financiamento

O custe total da licitación para a subministración e instalación de sistemas de alumado ascende a cifra de 3.826.800,22 € (IVE incluído), e financiarase de acordo co seguinte detalle:

Consellería do Mar	3.432.622,46 € (IVE incluído)
EPE Portos de Galicia	394.177,76 € (IVE incluído)

Este importe será obxecto de retención de crédito nas anualidades, aplicacións orzamentarias e proxecto que se indican a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE €	PARTIDA/PROXECTO	ORIXE FONDOS
2022	2.666.666,67 (IVE incluído)	15.03.514A.604.1 do proxecto 2016 257 –Equipamentos pesqueiros–	Consellería do Mar 100 % do gasto elixible (75% FEMP e 25% Fondos propios da Comunidade Autónoma)
2023	765.955,79 (IVE incluído)	15.03.514A.604.1 do proxecto 2016 257 –Equipamentos pesqueiros–	Consellería do Mar 100 % do gasto elixible (75% FEMP e 25% Fondos propios da Comunidade Autónoma)
2022	306.220,89 (IVE incluído)	Proxecto: 022019 / Partida 62207 – Instalacións Xerais (Construcións e instalacións portuarias)	EPE Portos de Galicia (Fondos propios)

2023	87.956,87 (IVE incluído)	Proxecto: 022019 / Partida 62207 – Instalacións Xerais (Construcións e instalacións portuarias)	EPE Portos de Galicia (Fondos proprios)
------	-----------------------------	--	---

A actuación financiada pola Consellería do Mar encádrase dentro da Prioridade da Unión/Obxectivo/Medida do FEMP: OBXECTIVO 1.4: Fomento da competitividade e a viabilidade das empresas do sector da pesca MEDIDA 1.4.9: Portos pesqueiros, lugares de desembarque, lonxas e ancoradoiros, dentro do Programa Operativo do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca para 2014-2020.

Terceira: Actuacións a desenvolver

Ao abeiro deste acordo, a entidade pública empresarial Portos de Galicia intervirá nos seguintes 26 portos e instalacións portuarias, dos 122 xestionados pola EPEPG:

Zona	Id	Porto
Zona Norte		
	1	Ribadeo
	5	Burela
	9	Viveiro-Celeiro
	15	Cariño
	16	Cedeira
Zona Centro		
	26	Sada-Fontán
	34	Malpica
	39	Laxe

Zona	Id	Porto
	45	Fisterra
	49	Cee
	53	Muros
	63	Portosín
	66	Aguiño
	69	Ribeira
	72	A Pobra do Caramiñal
	74	Cabo de Cruz
	78	Rianxo
Zona Sur		
	84	Vilanova de Arousa
	87	O Xufre – A Illa
	89	Tragove (Cambados)
	91	O Grove
	94	Portonovo
	98	Combarro
	103	Bueu
	106	Cangas
	107	Moaña

Nos anteditos portos e instalacións, desenvolveranse os seguintes proxectos:

1. A adquisición mediante subministro dun conxunto de 2502 luminarias e proxectores necesarias para a iluminación exterior das instalacións

portuarias, así como o equipamento de hardware e software necesarios para a instalación dunha capa tecnolóxica que permita a súa telexestión. A esta actuación destinaranse aproximadamente 3.296.771,33 € (tres millóns douscentos noventa e seis mil setecentos setenta e un euros con trinta e tres céntimos) do financiamento indicado.

2. As obras necesarias para a súa instalación, que inclúen os recursos humanos e materiais necesarios para retirada das luminarias e proxectores existentes, revisión e posta a punto de 625 luminarias e proxectores led xa existentes que se conservan, instalación das novas luminarias e proxectores led, traballos de acondicionamento eléctrico das redes de iluminación, revisión de centros de mando, etc. e os servizos de enxeñería eléctrica, de cálculo lumínico, de inspección eléctrica, de coordinación ambiental, de seguridade industrial, de posta en servizo dos novos equipos instalados e de posta en servizo do sistema de telexestión entre outros servizos necesarios para a correcta execución dos traballos. A estes traballos destinaranse aproximadamente 530.028,89 € (cincocentos trinta mil vinte e oito euros con oitenta e nove céntimos) do financiamento indicado.

Todas estas actuacións nos 26 portos e instalacións indicados permitirán:

- Homoxeneizar a iluminación dos espazos portuarios.
- Adaptar os niveis de iluminación ás necesidades visuais das distintas zonas portuarias nas distintas horas nocturnas.
- Mellorar a eficiencia e o aforro de enerxía, coa conseguinte redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Limitar o brillo nocturno ou a contaminación lumínica, para reducir fundamentalmente os efectos ambientais non desexados.
- Reducir a luz intrusiva ou molesta, para mellorar o confort visual dos traballadores e usuarios das instalacións portuarias, así como para evitar posibles molestias aos cidadáns.

- Reducir o custo asociado ao mantemento e funcionamento de instalacións de iluminación, facturas eléctricas e substitución de lámpadas.
- Construción dunha capa tecnolóxica para optimizar as posibilidades de control da iluminación.
- Contribuír ao uso sostible dos recursos.

Cuarta.- Compromisos das partes

Ao abeiro deste acordo, pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido. Para elo a EPEPG, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación
- O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato
- O cumprimento das medidas de información e publicidade establecidas na cláusula sexta do presente acordo.
- A emisión dunha memoria vinculante sobre a correcta realización dos traballos.
- A tramitación económica e o financiamento das actuacións en portos "comerciais e mixtos" a que se dera lugar.
- A entidade pública empresarial Portos de Galicia será a responsable de aboarlle ao contratista ou contratistas os servizos prestados nos portos "comerciais e mixtos", nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade pola EPEPG.

Ao abeiro deste acordo, pola Consellería do Mar, desenvolverase os seguintes compromisos:

- A tramitación económica e o financiamento das actuacións en portos pesqueiros a que se dera lugar.
- A Consellería do Mar será a responsable de aboarlle ao contratista ou contratistas os servizos prestados nos portos pesqueiros, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola EPEPG.

A Consellería do Mar e a entidade pública empresarial Portos de Galicia, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

- Na elaboración dos Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos participarán conxuntamente a Consellería do Mar e a EPEPG.
- O órgano de contratación estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación que estará constituída por persoal da EPEPG, e un representante designado pola Consellería do Mar. Tamén poderá participar persoal de ambas as dúas partes na emisión dos informes técnicos.

Quinta.- Expedientes de contratación

Nos expedientes de contratación acreditarase pola entidade pública empresarial Portos de Galicia e pola Consellería do Mar a plena dispoñibilidade do importe de licitación mediante a incorporación deste acordo, así como dos certificados de existencia de crédito e da documentación que acredita a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan.

A EPEPG actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste acordo e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coa Consellería do Mar.

O expediente de contratación tramitarase consonte aos pasos e documentos establecidos no Manual Xeral de Procedemento para a Xestión, Seguimento e Control das Operacións Financiadas polo Fondo Europeo marítimo e de Pesca (Programa Operativo 2014-2020).

Sexta.- Medidas de Publicidade do FEMP

A EPEPG deberá de cumprir coas medidas de información e publicidade establecidas no Regulamento de Execución (UE) nº 763/2014 da Comisión de 11 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no que respecta ás características técnicas das medidas de información e publicidade e as instrucións para crear o emblema da Unión.

Sétima.- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que finalice a execución de todos os contratos previstos, segundo as actuacións establecidas na cláusula primeira do presente acordo, ou ben, como máximo, ata o 30 de setembro de 2023, sen prexuízo de que antes da súa finalización se acorde polas partes unha addenda ao acordo na que se fixará a prórroga do mesmo e os novos compromisos das partes na prórroga.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Pola Consellería do Mar

A Conselleira

Rosa María Quintana Carballo

Pola entidade pública empresarial
Portos de Galicia

A Presidenta

Susana Linguas Gil

